

**PROYECTO DE CONSTRUCCIÓN DE RONDA ESTE, TRAMO PO-542 (PONTE BORA-O PINO) A  
PO-532 (PONTEVEDRA-PONTECALDELAS). ACCESO A MONTECELO Y COMPLEJO  
PRÍNCIPE FELIPE**

**ANEJO Nº 17: PATRIMONIO**

---



PROSPECCIÓN INTENSIVA PARA O  
PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN ROLDA  
LESTE DE PONTEVEDRA. TREITO: PO-542  
(PONTE BORA – O PINO) A PO-532  
(PONTEVEDRA-PONTECALDELAS).  
ACCESO A MONTECELO E PRÍNCIPE  
FELIPE.

MEMORIA

JOSÉ FRANCISCO DOVAL GALÁN

ÍNDICE

	Pág.
0. FICHA TÉCNICA .....	3
1. INTRODUCCIÓN .....	4
2. METODOLOXÍA .....	6
3. ESTUDO ARQUEOLÓXICO .....	7
4. ESTUDO DA ARQUITECTURA .....	8
5. MEDIDAS CORRECTORAS .....	9
6. CONCLUSIÓN.....	9
7. FICHAS DOS ELEMENTOS .....	9
8. PLANOS .....	9

## FICHA TÉCNICA

**NOMEDOPROXECTO:** Prospección Intensiva para Proxecto de Construcción da Rolda Leste de Pontevedra.  
**TREITO:** PO-542 (Ponte Bora - O Pino) a PO-532 (Pontevedra-Pontecaldelas). Acceso a Montecelo e Príncipe Felipe.

**PROMOTOR:** Deputación de Pontevedra

**LUGAR DE ACTUACIÓN:** Concello de Pontevedra.

**TIPO DE ACTUACIÓN:** Prospección Intensiva.

**ARQUEÓLOGO DIRECTOR:** José Francisco Doval Galán.

## 1. INTRODUCCIÓN

A presente memoria redáctase en cumprimento do disposto no artigo 10 do decreto 199/1997 de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, esta memoria enmárcase dentro do artigo 32 da Lei 8/95 do Patrimonio Cultural de Galicia, no que se especifica no seu parágrafo 1º que "A Consellería de Cultura deberá ser informada dos planes, programas ou proxectos... que pola súa incidencia sobre o territorio poidan implicar risco de destrución ou deterioro do Patrimonio Cultural de Galicia". O parágrafo 2º aclara que "... a Consellería de Cultura deberá establecer aquelas medidas protectoras ou correctoras que considere necesarias para a protección do Patrimonio Cultural de Galicia".

Tamén se ten presente o establecido pola Lei 9/2006, de 28 de abril sobre a avaliación dos efectos de determinados planes e programas no medio ambiente e o RDL 1/1008 de 11 de xaneiro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos, que especifican que este tipo de obras deben ter unha avaliación de impacto ambiental. Cando isto é necesario, tamén debe facerse unha avaliación de impacto sobre o Patrimonio. Según a lexislación que regula a conservación do Patrimonio Cultural, previo á realización deste tipo de obras é necesario levar a cabo unha cautela arqueolóxica consistente na prospección superficial da área afectada e dunha banda de 200 m. arredor do límite exterior da zona de obras. Dita prospección debe ter un carácter intensivo na zona de obras e extensivo no entorno de 200 m, de modo que no caso de que existan bens patrimoniais se poidan realizar as modificacións necesarias, propoñendo alternativas que non poñan en perigo os bens ou que minimicen o seu impacto grazas á actuación preventiva axeitada.

Para una mellor comprensión dos impactos e as medidas correctoras que se plantean, usamos os termos redactados no anexo 1 do Real Decreto 1131/1988 nos que se fala de Impacto Compatible, Impacto Moderado, Impacto Severo e Impacto Crítico que, aínda que están pensados para avaliar impactos ambientais, tamén son usados para a avaliación de impactos arqueolóxicos e patrimoniais cunha axeitada reinterpretación dos termos usados en dito Decreto.

Temos presente, en primeiro lugar, o Planeamento vixente, P.X.O.M. de Pontevedra (18-XII-1989), texto no que se recollen os elementos protexidos no concello. Para os

elementos non recollidos, temos presentes as Normas Subsidiarias Provinciais nas que Establécense unhas zonas de protección arredor dos elementos patrimoniais. Dita área de protección varía según o tipo de elemento, establecendo tres perímetros:

- Elementos arqueolóxicos: 200 m. dende a súa liña exterior.
- Elementos arquitectónicos (Mosteiros, igrexas, capelas, cemiterios, santuarios, conxuntos parroquiais, castelos, pontes, fontes, etc.): 100 m. dende o seu punto máis exterior.
- Elementos etnográficos (hórreos, pombais, cruceiros, petos de ánimas, pontellas, muiños, etc.): 50 m. dende o seu punto máis exterior.

Este estudo realízase co fin de cumprir a lexislación antes citada, usando para elo unha metodoloxía arqueolóxica consistente na prospección superficial para a localización, situación e delimitación tanto dos bens arqueolóxicos como dos elementos patrimoniais de carácter arquitectónico que se atopen ben dentro da área das obras ou no entorno inmediato destas, avaliando e prevendo os posibles impactos que ditos bens poidan sufrir no momento de realizar as obras e adoitar as medidas correctoras máis axeitadas. A valoración dos posibles impactos realízase de xeito individual, tendo presente o tipo de obras que se realicen nesa área concreta e as características, entorno e circunstancias propias de cada elemento patrimonial.

A presente prospección tivo un carácter intensivo prospectando a superficie ata unha distancia non superior aos 200 m. dos límites exteriores da zona de obras. Ao longo da labor de campo comprobáronse os topónimos da área de estudo e recolleuse a tradición oral da zona.

Por último, fanse unha serie de propostas para evitar ou minimizar a afección nos puntos con interese patrimonial localizados ao longo do traballo de campo. Esta cuestión especificase nos distintos apartados desta memoria.

## 2. METODOLOXÍA

A metodoloxía aplicada é a propia dunha prospección arqueolóxica intensiva. Os pasos que se seguiron foron os que a continuación se expoñen:


1. Revisión bibliográfica
2. Consulta e aplicación do P.X.O.M. de Pontevedra (18-XII-1989).
3. Revisión dos distintos inventarios, arqueolóxicos e arquitectónicos, existentes na Dirección Xeral de Patrimonio.
4. Estudo da toponimia maior e menor presente na planimetría de traballo.
5. Revisión da fotografía aérea.
6. Consulta dos planos GIS
7. Consulta do Voo Americano de 1956
8. Prospección arqueolóxica superficial intensiva da zona afectada.
9. Recollida da tradición oral e memoria popular da área de estudo por medio de entrevistas e conversacións informais cos habitantes do entorno.
10. Identificación, situación e delimitación dos elementos patrimoniais, sinalándoos na planimetría.
11. Fotografía dos bens.
12. Consulta do Catastro
13. Redacción das fichas correspondentes aos elementos patrimoniais.
14. Establecemento das medidas correctoras e cautelares para a protección e conservación do patrimonio localizado.

### 3. ESTUDO ARQUEOLÓXICO DA ZONA

O P.X.O.M. de Pontevedra, as NN.SS. de Pontevedra, os Inventarios de Patrimonio Arqueolóxico da Dirección Xeral de Patrimonio así como a bibliografía da zona, sinalan como xacemento máis próximo a antiga ubicación da capela de San Mamede en Campo da Cota, Moldes; Santa María de Mourente GA36O38O15 que se atopa a altura da rotonda da rúa Moldes/C-531 a 243 m. das obras máis próximas A Capela foi desmontada e reconstruída, atopándose no interior do cemiterio de Santo Amaro

Por outro lado durante o traballo de campo en 2010 realizouse un achado en Pedra do Lagarto; Santa María de Mourente. Apareceu un anaco de tegula, un anaco de tella ou imbrice e parte dun canto rolado de seixo.

Nesta prospección non se localizou elemento arqueolóxico algún. Na zona de traballo non existen remocións novas dende o estudo realizado en 2010 que permitan unha análise dos cortes. A consulta do plano de pendentes O185A-O6O4 e o plano GIS 53O-4698 non reflexan ningunha estrutura oculta de interese patrimonial. Só se detecta unha estrutura de planta irregular ao NW da zona do achado romano, pero que pode ser unha alteración antrópica. Na actualidade esta zona está cuberta de vexetación bastante densa que impide estudala.



Detalle do plano de pendentes O185A-O6O4

Deste xeito, só existe un elemento arqueolóxico que se ve afectado:

A1. Achado de época romana. Pedra do Lagarto; Santa María de Mourente

### 4. ESTUDO DA ARQUITECTURA

No traballo de campo tamén situamos os elementos do patrimonio arquitectónico existentes na zona da obra e no seu entorno inmediato. Para elo revisamos os inventarios existentes no Servizo de Arquitectura da Dirección Xeral de Patrimonio e o P.X.O.M. de Pontevedra, non existindo elementos catalogados que se vexan afectados. Na prospección localizaronse elementos de carácter etnográfico, que aínda que non teñen unha protección específica si presentan interese patrimonial, especialmente os hórreos e varios muros e peches. Destes últimos, tivemos en conta os que presentan un mellor estado de conservación, redactando medidas correctoras para o seu estudo e/ou reposición.

Así, trala consulta da documentación e a revisión da zona afectada, os elementos arquitectónicos e etnográficos de interese patrimonial que incluímos nesta memoria son os seguintes:

- E1. Muiño da Pontiña. Pedra do Lagarto; Sta. Ma de Mourente (Pontevedra).
- E2. Hórreo. Pedra do Lagarto; Sta. Ma de Mourente (Pontevedra).
- E3. Hórreo. Pedra do Lagarto; Sta. Ma de Mourente (Pontevedra).
- E4. Peche. Pedra do Lagarto; Sta. Ma de Mourente (Pontevedra).
- E5. Muro. Pedra do Lagarto; Sta. Ma de Mourente (Pontevedra).
- E6. Peche. Pedra do Lagarto; Sta. Ma de Mourente (Pontevedra).
- E7. Vila Victoria. Ría de Abaixo; S. Miguel de Marcón (Pontevedra).
- E8. Muro. Ría de Abaixo; S. Miguel de Marcón (Pontevedra).
- E9. Peche. Moldes; Sta. Ma de Mourente (Pontevedra).
- E10. Muro. Moldes; Sta. Ma de Mourente (Pontevedra).
- E11. Vivenda. Moldes; Sta. Ma de Mourente (Pontevedra).
- E12. Vivenda. Moldes; Sta. Ma de Mourente (Pontevedra).

## 5. MEDIDAS CORRECTORAS

Ditas medidas se adoptan tendo en conta as características e entorno de cada elemento etnográfico, tendo presente ademais a orografía e estruturas inmediatas.

Contémplanse cinco áreas arredor dos xacementos, puntos de interese arqueolóxico ou elementos etnográficos. Ditas áreas terán unha protección gradual que irá dunha zona de exclusión de calquera tipo de obras, a unha na que ditos obras non afectarán ao xacemento ou elemento. As áreas a ter en conta son:

**Área de Impacto Crítico:** A lei contempla o impacto crítico como aquel que supera o umbral do tolerable e que a zona non se recupera aínda adoptando medidas correctoras. É, por tanto, unha zona de protección integral/ onde non é posible realizar ningún tipo de obra nin está permitido o paso de maquinaria.

**Área de Impacto Severo:** A lei entende que este impacto necesita medidas correctoras e que o lugar necesita un período de tempo prolongado para a súa recuperación. É pois unha zona de protección na que só é posible realizar obras trala execución dunha medida preventiva que valore o potencial patrimonial da zona.

**Área de Impacto Moderado:** Zona onde as medidas correctoras permitirán a súa recuperación nun tempo non moi prolongado. É unha zona de respecto na que é posible realizar as obras, pero que deben ser realizadas con control arqueolóxico.

**Área de Impacto Compatible:** Zona na que a recuperación do lugar non require medidas correctoras importantes. Por tanto trátase dunha zona incluída dentro da área de respecto dun elemento arqueolóxico ou arquitectónico, pero a unha distancia suficiente como para que as obras non afecten a ningunha estrutura oculta.

**Sen Impacto:** As obras se desenvolven fóra da área de protección.

### 5.a. Medidas Correctoras para elementos arqueolóxicos

A1. Achado de época romana.

Situación: Pedra do Lagarto; Santa María de Mourente (Pontevedra)

Coordenadas U.T.M.: 530.771 / 4.696.661

Descrición: Área de dispersión de cerámica romana localizada no corte xerado para acceder a unha finca. O muro E5 foi derrubado para abrir o acceso. Atopáronse restos cerámicos romanos e posteriores. Destaca un anaco de tegula.

Estado de Conservación: Descoñecido

Relación coa traza:

A área do achado atópase a carón da rotonda de Pedra do Lagarto e da mellora da rúa Pedra do Lagarto/EP-0003 en dirección Pontevedra. As obras máis próximas son a mellora da estrada Rúa da Pedra do Lagarto e a supresión do Peche E4 e do Muro E5.

**Impacto:** **Impacto moderado.** Califícase como moderado porque trátase dun achado que aínda que é de época romana está sen definir. Neste momento, como elemento significativo, só hai un anaco de tegula. Pode que se trate dun resto que estea indicando a presenza dun xacemento pero tamén pode ser un anaco traído ata aquí nun recheo.

**Medida correctora:** Debe realizarse a desmontaxe controlada dos elementos E4. Peche, E5. Muro e E6. Peche, especialmente o E5, e revisar e limpar os cortes resultantes. A estratigrafía debe ser documentada en detalle. Esta labor será realizada polo equipo encargado da documentación dos muros e peches, que informará dos resultados a Dirección Xeral de Patrimonio que adoitará, no caso necesario, as medidas máis axeitadas para a conservación do patrimonio. O lugar do achado debe figurar na planimetría da obra.

### 5.b. Medidas Correctoras para elementos arquitectónicos

Os elementos arquitectónicos e etnográficos recollidos neste estudo así como os seus impactos e medidas correctoras son os que seguen:

	Denominación/Situación	P.K/Marxe	Distancia	Impacto
E1	Muiño da Pontiña Pedra do Lagarto; Mourente	nicio da obra na Rotonda PO-243 / Sur	43 m	Compatible
E2	Hórreo Pedra do Lagarto; Mourente	Mellora da rúa Pedra do Lagarto/EP-0003 dirección Marcón / Leste	2 m	Moderado
E3	Hórreo Pedra do Lagarto; Mourente	Mellora da rúa Pedra do Lagarto/EP-0003 dirección Pontevedra / Sur	24 m	Compatible
E4	Peche Pedra do Lagarto; Mourente	Rotonda Pedra do Lagarto/Mellora da rúa Pedra do Lagarto/EP-0003 dirección Pontevedra / Centro	0 m	Moderado
E5	Muro Pedra do Lagarto; Mourente	Rotonda Pedra do Lagarto/Mellora da rúa Pedra do Lagarto/EP-0003 dirección Pontevedra / Centro	0 m	Moderado
E6	Peche Pedra do Lagarto; Mourente	Rotonda Pedra do Lagarto/Mellora da rúa Pedra do Lagarto/EP-0003 dirección Marcón/Eixe principal PK 0+378 / Centro	0 m	Moderado
E7	Vila Victoria Ría de Abaixo; Marcón	Eixe principal PK 0+552 a 0+612 / Dta - Centro	0 m ao peche 15 m a edificio 1 44 m a edificio 2	Moderado
E8	Muro Ría de Abaixo; Marcón	Eixe principal PK 0+641 / Centro	0 m	Moderado
E9	Peche Moldes; Mourente	Eixe principal PK 0+828 / Centro	0 m	Compatible
E10	Muro Moldes; Mourente	Rotonda rúa Moldes/C-531 e saída da rotonda cara a Pontevedra / Centro	0 m	Moderado
E11	Vivenda Moldes; Mourente	Rotonda rúa Moldes/C-531 / Centro	0 m	Compatible
E12	Vivenda Moldes; Mourente	Beirarúa da rotonda rúa Moldes/C-531 / Leste	0 m	Compatible

	Denominación/Situación	P.K/Marxe	Distancia	Medida Correctora
E1	da Pontiña Pedra do Lagarto; Mourente	nicio da obra na Rotonda PO-243 / Sur	43 m	O elemento e a súa área de respecto deben constar na planimetría da obra Será obxecto de control e seguimento por parte do equipo encargado desta labor
E2	Hórreo Pedra do Lagarto; Mourente	Mellora da rúa Pedra do Lagarto/EP-0003 dirección Marcón / Leste	2 m	As obras realízanse dentro da finca moi próximas ao horreo Se é posible e a propiedade o permite debería estar balizado ou sinalado sobre o terreo O elemento e a súa área de respecto deben constar na planimetría da obra Será obxecto de control e seguimento por parte do equipo encargado desta labor
E3	Hórreo Pedra do Lagarto; Mourente	Mellora da rúa Pedra do Lagarto/EP-0003 dirección Pontevedra / Sur	24 m	As obras executaranse dentro da finca pero a unha distancia suficiente como para non afectar á estrutura Se é posible e a propiedade o permite debería estar balizado ou sinalado sobre o terreo O elemento e a súa área de respecto deben constar na planimetría da obra Será obxecto de control e seguimento por parte do equipo encargado desta labor
E4	Peche Pedra do Lagarto; Mourente	Rotonda Pedra do Lagarto/Mellora da rúa Pedra do Lagarto/EP-0003 dirección Pontevedra / Centro	0 m	O peche non pode ser repostado Debe ser estudado con detalle Limparase a súa superficie realízanse seccións e deben definirse as súas fases constructivas A súa desmolaxe será controlada polo equipo encargado desta labor por se aparecen restos de época romana Limparanse os cortes resultantes Realízase unha documentación fotográfica e en vídeo tanto en detalle como en conxunto Realízanse debuxos das súas partes máis salientables e farase un levantamento taquimétrico do elemento O peche debe constar na planimetría da obra Será obxecto de control e seguimento por parte do equipo encargado desta labor
E5	Muro Pedra do Lagarto; Mourente	Rotonda Pedra do Lagarto/Mellora da rúa Pedra do Lagarto/EP-0003 dirección Pontevedra / Centro	0 m	O muro non pode ser repostado Debe ser estudado con detalle Limparase a súa superficie realízanse seccións e deben definirse as súas fases constructivas A súa desmolaxe será controlada polo equipo encargado desta labor por se aparecen restos de época romana Limparanse os cortes resultantes Realízase unha documentación fotográfica e en vídeo tanto en detalle como en conxunto Realízanse debuxos das súas partes máis salientables e farase un levantamento taquimétrico do elemento O muro debe constar na planimetría da obra Será obxecto de control e seguimento por parte do equipo encargado desta labor
E6	Peche Pedra do Lagarto; Mourente	Rotonda Pedra do Lagarto/Mellora da rúa Pedra do Lagarto/EP-0003 dirección Marcón/Eixe principal PK 0+378 / Centro	0 m	O peche non pode ser repostado Debe ser estudado con detalle Limparase a súa superficie realízanse seccións e deben definirse as súas fases constructivas A súa desmolaxe será controlada polo equipo encargado desta labor por se aparecen restos de época romana Limparanse os cortes resultantes Realízase unha documentación fotográfica e en vídeo tanto en detalle como en conxunto Realízanse debuxos das súas partes máis salientables e farase un levantamento taquimétrico do elemento O peche debe constar na planimetría da obra Será obxecto de control e seguimento por parte do equipo encargado desta labor



				desta labor
E7	Vila Victoria Ría de Abaixo; Marcón	Eixe principal PK 0+552 a 0+612 / Dta - Centro	0 m ao peche 15 m a edificio 1 44 m a edificio 2	O peche da vila debe ser estudado con detalle. Realizarase unha documentación fotográfica e de vídeo tanto en detalle como en conxunto. Realizaranse seccións e un levantamento taquimétrico do elemento. O peche será repostado con técnicas tradicionais delimitando o novo espazo da finca. As estruturas da vila deben estar sinalizadas de modo claro e visible sobre o terreo. O elemento e a súa área de respecto deben constar na planimetría da obra. Será obxecto de control e seguimento por parte do equipo encargado desta labor.
E8	Muro Ría de Abaixo; Marcón	Eixe principal PK 0+641 / Centro	0 m	O muro non pode ser repostado. Debe ser estudado con detalle. Limparase a súa superficie, realizaranse seccións e deben definirse as súas fases constructivas. Realizarase unha documentación fotográfica e en vídeo tanto en detalle como en conxunto. Realizaranse debuxos das súas partes máis salientables e farase un levantamento taquimétrico do elemento. A súa desmotaxe será controlada polo equipo encargado desta labor. O muro debe constar na planimetría da obra. Será obxecto de control e seguimento por parte do equipo encargado desta labor.
E9	Peche Moldes; Mourente	Eixe principal PK 0+828 / Centro	0 m	O peche debe ser estudado con detalle. Limparase a súa superficie, realizaranse seccións e deben definirse as súas fases constructivas. Realizarase unha documentación fotográfica e de vídeo tanto en detalle como en conxunto. Realizarase sección e un levantamento taquimétrico do elemento. O peche será repostado con técnicas tradicionais delimitando o novo espazo. O elemento e a súa área de respecto deben constar na planimetría da obra. Será obxecto de control e seguimento por parte do equipo encargado desta labor.
E10	Muro Moldes; Mourente	Rotonda rúa Moldes/C-531 e saída da rotonda cara a Pontevedra / Centro	0 m	O muro non pode ser repostado. Debe ser estudado con detalle. Limparase a súa superficie, realizaranse seccións e deben definirse as súas fases constructivas. Realizarase unha documentación fotográfica e en vídeo tanto en detalle como en conxunto. Realizaranse debuxos das súas partes máis salientables e farase un levantamento taquimétrico do elemento. A súa desmotaxe será controlada polo equipo encargado desta labor. O muro debe constar na planimetría da obra. Será obxecto de control e seguimento por parte do equipo encargado desta labor.
E11	Vivenda Moldes; Mourente	Rotonda rúa Moldes/C-531 / Centro	0 m	A vivenda debe ser estudada con detalle. Debuxarase o alzado e as plantas da estrutura. Realizarase unha documentación fotográfica tanto en detalle como en conxunto. O elemento e a súa área de respecto deben constar na planimetría da obra. Será obxecto de control e seguimento por parte do equipo encargado desta labor.
E12	Vivenda Moldes; Mourente	Beirarúa da rotonda rúa Moldes/C-531 / Leste	0 m	O elemento e a súa área de respecto deben constar na planimetría da obra. Será obxecto de control e seguimento por parte do equipo encargado desta labor. A construción da beirarúa, prolongación da actual, non debe supoñer deterioro para a estrutura.


#### 5.c. Medidas Correctoras Xerais

Durante a fase de obras, e dentro do Programa de Vixilancia Ambiental, levarase a cabo un Control e Seguimento Arqueolóxico durante as fases de rep/anteo, de execución das obras e de restitución dos terreos, en todo o ámbito do proxecto. Nesta fase, débese ter en conta todos os elementos con cauteelas sinalados nesta memoria. O proxecto de Control e Seguimento debe ser asinado por técnico competente e ten que ser presentado na Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a súa aprobación.

## 6. CONCLUSIÓNS

- Na prospección comprobouse e verificouse a ubicación e estado actual dos elementos patrimoniais inventariados.
- Na prospección recóllense, sitúanse e delimítanse os elementos patrimoniais (inventariados e non inventariados) existentes no trazado e no seu entorno. Para elo redáctanse unha serie de medidas correctoras de carácter concreto e preciso que servirán para unha axeitada protección dos elementos coñecidos e se prevé a aparición de posibles bens non visibles.
- É necesario realizar un seguimento dos elementos patrimoniais cautelados para a súa axeitada conservación.
- Existe unha cautela arqueolóxica en Pedra do Lagarto (A1. Achado), lugar onde apareceu material romano. Esta zona ten cautelas específicas en previsión de máis achados.
- O elemento E1, Muiño da Pontiña. Pedra do Lagarto; Mourente, e a súa área de respecto deben constar na planimetría da obra.
- Os hórreos E2 e E3, se a propiedade o permite deben estar balizados ou sinalizados sobre o terreo. Os elementos e as súas áreas de respecto deben constar na planimetría da obra.
- Deben ser documentados en detalle e necesitan un estudo específico matizado nas medidas correctoras os elementos seguintes:
  - > E4. Peche. Pedra do Lagarto; Sta. Ma de Mourente.
  - > E5. Muro. Pedra do Lagarto; Sta. Ma de Mourente.
  - > E6. Peche. Pedra do Lagarto; Sta. Ma de Mourente.
  - > E7. Peche de Vila Victoria. Ría de Abaixo; S. Miguel de Marcón.
  - > E8. Muro. Ría de Abaixo; S. Miguel de Marcón.
  - > E9. Peche. Moldes; Sta. Ma de Mourente.
  - > E10. Muro. Moldes; Sta. Ma de Mourente.
  - > E11. Vivenda. Moldes; Sta. Ma de Mourente.
- Os elementos E4. Peche; E5. Muro; E6. Peche, deben ser desmontados de xeito controlado xa que na zona poden aparecer restos de interese arqueolóxico.
- Os elementos E4. Peche; E5. Muro; E6. Peche; E8. Muro e E10. Muro non poderán ser repostos, polo que proponse unas medidas correctoras que os documenten en detalle.
- Os elementos E7 e E9 poderán ser repostos. Por elo, previo a súa desmontaxe, realizarase un estudo en detalle dos elementos para posteriormente repoñelos seguindo as súas características orixinais.
- O elemento E12, vivenda, tanto a súa área de respecto como o elemento deben constar na planimetría da obra. A construción da beirarúa, prolongación da actual, non debe suponer deterioro para a estrutura.

Asinado:



José Francisco Doval Galán

## 7. FICHAS DOS ELEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

A1. Achado de época romana.

Situación: Pedra do Lagarto; Santa María de Mourente (Pontevedra)

Coordenadas U.T.M.: 530.772 // 4.696.658,51

Descrición: Área de dispersión de cerámica romana localizada no corte xerado para acceder a unha finca. Atopáronse restos cerámicos romanos e posteriores. Destaca un anaco de tegula.

Estado de Conservación: Descoñecido

Relación coa traza:

A área do achado atópase a carón da rotonda de Pedra do Lagarto e da mellora da rúa Pedra do Lagarto/EP-0003 en dirección Pontevedra. As obras máis próximas son a mellora da estrada Rúa da Pedra do Lagarto e a supresión do peche E4, do Muro E5 e do Peche E6.

### FOTOGRAFÍA



### E1. Muiño da Pontiña.

Situación: Pedra do Lagarto; Mourente

Coordenadas U.T.M.: 530.765,58 // 4.696.253,89

Descrición: O muiño foi trasladado e restaurado ao construír a rotonda actual. Estrutura rectangular realizada con cachotería de granito. Tellado a un auga de telle curva. Ten dous pés, un cegado.

Estado de Conservación: Restaurado recentemente

Relación coa traza:

O muiño está na zona ao Inicio da obra na Rotonda PO-243, ao Sur da rotonda, a 43 m das obras.

### FOTGRAFÍA



### E2. Hórreo

Situación: Pedra do Lagarto; Mourente

Coordenadas U.T.M.: 530.845,98 // 4.696.532,07

Descrición: Hórreo de 6 pes. Pes, tornarratos e pedras caladas do celeiro realizado en granito. Tellado a dúas augas de tella curva.

Estado de Conservación: Bo

Relación coa traza:

O hórreo está a 2m da mellora da rúa Pedra do Lagarto/EP-0003 dirección Marcón, ao Leste das obras

### FOTO RAFÍA



### E3. Hórreo

Situación: Pedra do Lagarto; Mourente

Coordenadas U.T.M.: 53O.769,69 // 4.696.605,79

Descrición: Hórreo de 6 pes. Pes, tornarratos e pedras caladas do celeiro realizado en granito. Tellado a dúas augas de tella plana. Detrás do hórreo hai outra estrutura que pode ser un pombal, pero a vexetación impide velo con claridade.

Estado de Conservación: Bo

Relación coa traza:

O hórreo está afectado na súa área de repeto pola mellora da rúa Pedra do Lagarto/EP-0003 dirección Pontevedra. Queda ao Sur das obras, a 24 m.

FOTGRAFÍA



Estado actual



Foto de marzo de 2010

### E4. Peche

Situación: Pedra do Lagarto; Mourente

Coordenadas U.T.M.: 53O.814,23 // 4.696.571,70

Descrición: O peche é de mamapostería de granito de algo menos de 2 m. de alto.

Estado de Conservación: Bo

Relación coa traza:

O peche está afectado pola rotonda de Pedra do Lagarto e pola mellora da rúa Pedra do Lagarto/EP-0003 en dirección Pontevedra. Queda no centro da traza.

FOTO RAFÍA



Peche E4 á dereita na foto

## E5. Muro

Situación: Pedra do Lagarto; Mourente

Coordenadas U.T.M.: 530.818,17 // 4.696.575,35

Descrición: O peche tradicional é de cachotería de granito. Ten algo máis de dous metros de alto. En certo punto, este peche de cachotería xa desapareceu e foi substituído por outro máis recente de perpiaños obtidos a partir de retos de cortes.

Estado de Conservación: Bo

Relación coa traza:

O peche está Rotonda Pedra do Lagarto e tamén se ve afectado pola mellora da rúa Pedra do Lagarto/EP-0003 en dirección Pontevedra. Está no centro da traza.

## FOTGRAFÍA



Peches E5 á dereita na foto



Á esquerda, remate do peche tradicional e inicio do recenté de perpiaño

## E6. Peche

Situación: Pedra do Lagarto; Mourente

Coordenadas U.T.M.: 530.836 // 4.696.579

Descrición: O peche é de cachotería de granito de algo máis de 2 m. de alto. Ten partes caídas.

Estado de Conservación: Regular

Relación coa traza:

O peche está afectado pola rotonda de Pedra do Lagarto, pola mellora da rúa Pedra do Lagarto/EP-0003 en dirección Marcón e polo eixe principal PK O+378. Está no centro da traza.

## FOTGRAFÍA



Vista actual do peche



Peche en marzo de 2010

## E7. Vila Victoria

Situación: Ría de Abaixo; Marcón

Coordenadas U.T.M.: 531.080,84 // 4.696.717,38

Descrición: Non foi posible ver as estruturas interiores da finca, xa que todo o perímetro está pechado por un muro de máis de dous metro de alto. O peche é de mamapostería de granito rematando na parte superior con forma triangular. O acceso é de granito labrado, con dintel do mesmo material culminado cunha cruz e dous pináculos. Nun lateral da entrada está gravado nunha placa de pedra MBI GRANJA B. AYRES 1956

Estado de Conservación: Bo

Relación coa traza:

A finca queda afectada polo eixe principal entre os PKs O+552 e O+612. O peche vese afectado directamente. Un edificio está a 15 m. das obras e outro a 44 m.

## FOTGRAFÍA



Zona do peche afectada. Cara Leste



Zona do peche afectada. Cara Norte



Entrada á finca



#### E8. Muro

Situación: Pedra do Lagarto; Mourente

Coordenadas U.T.M.: 531.080,60 // 4.696.786,32

Descrición: O muro é de cachotería de granito. Ten 1 m. de alto a aproximadamente con varias zonas nas que caeron as pedras superiores.

Estado de Conservación: Regular

Relación coa traza:

O peche está no eixe principal PK O+641, no centro da traza.

#### FOTGRAFÍA



#### E9. Peche

Situación: Pedra do Lagarto; Mourente

Coordenadas U.T.M.: 531.139,07 // 4.696.925,57

Descrición: O peche é de cachotería de granito cunha altura próxima a 1 m. Nalgún punto ten pedras caídas e noutro foi restaurado usando cemento como morteiro.

Estado de Conservación: Bo

Relación coa traza:

O peche está no eixe principal no PK O+828, no centro da traza.

#### FOTO RAFÍA



#### E10. Muro

Situación: Pedra do Lagarto; Mourente

Coordenadas U.T.M.: 531.262,06 // 4.697.056,93

Descrición: O muro é de cachotería de granito. Ten unha altura de 2 m. Contén a terra das fincas que dan á estrada C-531.

Estado de Conservación: Bo

Relación coa traza:

O muro está afectado pola construción da rotonda de rúa Moldes/C-531 e a saída da rotonda cara a Pontevedra. Queda no centro da traza.

FOTGRAFÍA



Dous aspectos dos muros afectados

#### E11. Vivenda

Situación: Moldes; Mourente

Coordenadas U.T.M.: 531.260,47 // 4.697.063,70

Descrición: Vivenda de estrutura tradicional realizada con perpiaños de granito. Dúas plantas. Tellado a dúas augas de tella plana.

Estado de Conservación: Esta en estado ruinoso

Relación coa traza:

A vivenda está na rotonda de rúa Moldes/C-531, no centro da rotonda

FOTO RAFÍA



## E12. Vivenda

Situación: Moldes; Mourente

Coordenadas U.T.M.: 531.294,59 // 4.697.028,06

Descrición: Vivenda de estrutura tradicional realizada con cachotería de granito. Dúas plantas. Tellado a dúas augas de tella plana.

Estado de Conservación: Bo. Foi restaurada hai uns anos e está habitada.

Relación coa traza:

A vivenda quedará a carón da beirarúa da rotonda rúa Moldes/C-531, ao leste da mesma. A nova beirarúa será a prolongación da actual.

## 8. PLANOS

## FOTGRAFÍA






Proxecto de  
Intervención  
(Xaneiro 2017)

PROXECTO DE CONTROL E SEGUIMENTO ARQUEOLÓXICO DA  
CONSTRUCCIÓN DA ROLDA LESTE DE PONTEVEDRA Treito: PO-542 (Ponte  
Bora – O Pino) a PO-532 (Pontevedra-Ponte Caldelas). Acceso a Montecelo e  
Príncipe Felipe”

Arqueólogo/a:



## ÍNDICE

1. **Solicitud de permiso para a realización dunha intervención arqueolóxica.**
2. **Autorización para levar a cabo os traballos arqueolóxicos.**
3. **Ficha Técnica**
4. **Introducción, situación e descrición dos bens próximos**
  - 4.1 Introducción
  - 4.2 Situación
  - 4.3 Descrición dos bens arqueolóxicos próximos
5. **Características do Proxecto de Obra.**
6. **Traballos arqueolóxicos propostos**
  - 6.1 Tipo de Intervención
  - 6.2 Obxectivos e Plan de traballo
    - 6.2.1- Traballo de gabinete
    - 6.2.2- Traballo de campo
    - 6.2.3- Presentación de documentación
7. **Marco Legal**
8. **Orzamento**
9. **Anexo Gráfico e documental**

## **1- FICHA TÉCNICA**

Deputación Provincial de Pontevedra. Edificio Administrativo.  
Servizo de Mobilidade  
Avda. de Montero Ríos, s/n. 36001 - Pontevedra  
Teléfono Deputación Provincial: 986804100

### PROMOTOR:

#### **EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**

Avda. Montero Ríos, s/n  
36001 – Pontevedra

### DIRECCIÓN:

### INTERVENCIÓN:

PROXECTO DE CONTROL E SEGUIMENTO ARQUEOLÓXICO DA  
CONSTRUCCIÓN DA ROLDA LESTE DE PONTEVEDRA Treito: PO-542 (Ponte  
Bora – O Pino) a PO-532 (Pontevedra-Ponte Caldeas). Acceso a Montecelo e Príncipe  
Felipe

### TEMPO DE TRABALLO SOLICITADO:

65 días laborais de traballo de campo + 20 días laborais de traballo de gabinete.

**4 - INTRODUCCIÓN, SITUACIÓN E DESCRICIÓN DOS BENS ARQUEOLÓXICOS PRÓXIMOS.**

**4.1 Introducción**

A actuación arqueolóxica plantexada no presente proxecto é froito dun expediente promovido pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra.

O motivo da súa redacción, é consecuencia da Declaración de Impacto Ambiental formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en data de 25 de outubro de 2016, na que se recolle:



À vista da documentación de referencia, dos datos que obran nesta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, e o que establece a Ley 21/2013, del 9 de diciembre, de Avaliación Ambiental, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, e o Decreto 199/1997, do 10 de xuño, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia

**INFORME**

Que as obras da Rolda Leste, Tramo PO-542 (Ponte Bora – O Pino) – PO-532 (Pontevedra-Ponte Caldelas). Acceso a Montecelo e Príncipe Felipe causan impactos sobre o patrimonio cultural existente, debéndose levar a cabo as medidas correctoras propostas no anexo 18 do proxecto construtivo, así como a consideración feitas no apartado anterior deste informe, que deberán prevorse no presupuesto da obra.

No caso de que o proxecto sexa sometido a avaliación ambiental ordinaria, ditas medidas de protección (as do anexo 18 e as especificadas neste informe) deberán incorporarse ao EIA.

É necesario que nas fases posteriores do proxecto se teñan en conta as seguintes consideracións:

1. Calquera modificación das características do trazado se comunicará a esta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
2. Na fase previa ao inicio das obras, no contexto do control e seguimento arqueolóxico, é necesario que se leve a cabo unha revisión dos impactos que o trazado pode xerar sobre o patrimonio cultural, e unha valoración da idoneidade das medidas protectoras e correctoras establecidas, por si fose necesario modifícalas ou establecer outras novas.

No suposto de detectarse novos elementos do patrimonio cultural no transcurso da realización das obras de construción, se comunicará a esta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural co fin de adoptar as medidas oportunas.

3. É necesario levar a cabo unha medida correctora de carácter xenérico consistente na realización dun control e seguimento arqueolóxico das fases de replanteo, execución da obra e restitución dos terreos, co fin de evitar calquera afección sobre xacementos arqueolóxicos non detectados durante os traballos de prospección ou que polas súas características son imperceptibles a simple vista.

4. Todas as actuacións serán realizadas por técnicos arqueólogos de acordo cun proxecto presentado polo promotor da obra, que deberá ser autorizado por esta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, tal e como se estipula no Artigo 95 e ss da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e en el Decreto 199/1997, do 10 de xuño, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. O deseño e execución dos proxectos se coordinará con esta Dirección Xeral.

Sanfido de Compostela, 28 de outubro de 2016

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M<sup>a</sup> Carme Martínez Insua



Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental  
http://sca.dgpa.gal

E tamén no Apartado 5 da Memoria Técnica da prospección intensiva para a avaliación do proxecto de referencia.

O presente proxecto describe os traballos arqueolóxicos que se consideran necesarios durante á realización das obras, naquela superficie afectada directamente por éstas.

**4.2.- Situación**

As obras da Rolda Leste de Pontevedra, localízanse na súa totalidade no concello de Pontevedra.

Este concello exténdese polo fondo da ría do seu nome, ocupando os vales fluviais do Lárez e o Tomeza, e cara o sur chega ata a desembocadura do río Verdugo, en Ponte Sampaio. Limite ao norte cos concellos de Barro, Moraña e Campo Lameiro, ao leste cos de Cotobade e Ponte Caldelas, ao sur cos de Soutomaior, Vilboa e Marín, e ao leste co de Poio e a ría de Pontevedra.



O concello de Pontevedra, ten unha extensión de 117 qm2 e conta cunha poboación de 80.191 habitantes (segundo o padrón do ano 2006) que se distribúe nas seguintes parroquias: Santa María de Alba, Santa Mariña de Bora, San Pedro de Campañó, Santo Estevo da Canicouva, San Vicenzo de Cerponzóns, San Salvador de Lérez, Santo André de Lourizán, San Miguel de Marcón, Santa María de Mourente, Santa María de Ponte Sampaio, San Martiño de Salcedo, Santa María de Xeve, Santo André de Xeve, San Pedro de Tomeza, San Martiño de Verducido e as parroquias urbanas de San Bartolomeu, Santa María e a Virxe do Camiño.



Emprazamento xeral na planimetría do Plan Xeral

O concello atópase rodeado de catro sectores montañosos separados entre si por dúas fallas, unha de dirección meridiana e outra norleste-surleste pola que discorre o cauce do Lérez.

Pontevedra conta cun clima temperado (a súa media anual é de 15°C, contando cunha amplitude térmica de 10°C) e chuvioso, especialmente a finais de outubro.

Hidrográficamente, englobase na conca baixa do río Lérez, este río ten un percorrido de 57 qm de lonxitude desde o seu nacemento na Serra do Candán (concello de Forcarei) a 900 m de altitude, nunha zona próxima ao nacente dos ríos Umia e Deza, ata á súa desembocadura no mar en terras de Pontevedra.

Presenta unha conca de 449,5 qm3 e unha sinuosidade de 1,48%, así como unha pendente media de 1,57%.

Recibe augas do Rego Porto das Cubas, dos ríos Quireza, Rego Grande, Gargallás, Tenorio, Almofrei, Fontás e Berducido.

Morfolóxicamente está asentado sobre bandas de xistos micácicos penetrados por filóns de seixo. A zona oeste entra en zona de granitos de dúas micas ou feldespáticas, e nas proximidades da desembocadura gneis glandular.


No tocantes á vexetación, a zona de estudo emprázase como xa recollemos no termo municipal de Pontevedra; localizándose dende o punto de vista bioclimatolóxico, no sector Galaico-Portugués da provincia bioxeográfica Cantabro-Atlántica, pertencendo por tanto a vexetación potencial desta zona á denominada “SERIE COLINA GALAICO-PORTUGUESA ACIDÓFILA DEL ROBLE (Quercus Robur),” tamén denominada Rusco Aculeti-Querceto roboris sigmetum.

A pesares de que as carballeiras deberían caracterizar a maior parte do territorio municipal, a realidade é que debido ás transformacións derivadas das actividades humanas, hoxe en día a comunidade vexetal que caracteriza a paisaxe da zona de estudo son as masas dos denominados disclimax e as terras de labor.



#### 4.3.- Descrición dos bens arqueolóxicos próximos.

A futuras obras vanse realizar no entorno de varios elementos culturais e dun achado arqueolóxico algúns deles catalogados e recollidos no Inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia e no catálogo do Plan Xeral de Ordenación Urbanística de Pontevedra (18/12/1989) e outros foron documentados durante a prospección intensiva previa.



Emprazamento da área sobre a cartografía do Inventario de Bens Arqueolóxicos da Consellería de Cultura. Escala 1:20.000

Tanto no PXOM de Pontevedra, como nas NNSS ou no Inventario da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, sinalase como xacemento máis próximo aos futuros traballos, a antiga ubicación da capela de San Mamede e a súa necrópole en Campo da Cota, Moldes (Santa María de Mourente) identificado co epígrafe GA36038015. Tamén nas proximidades, no ano 2010 documentouse un achádego en Pedra do Lagarto, un anaco de tégula, un anaco de ímbrice e parte dun canto rolado de seixo.

No tocantes aos traballos de campo executados na prospección intensiva para a avaliación do impacto das futuras obras non deron resultados positivos e non se documentou ningún elemento arqueolóxico novo.



Zona do achádego romano en Pedra do Lagarto

A nivel arquitectónico e/ou etnográfico, documentáronse 12 elementos relevantes:

- Muíño da Pontiña (Pedra do Lagarto, Santa María de Mourente)



- Hórreo E2 (Pedra do Lagarto, Santa María de Mourente)



- Hórreo E3 (Pedra do Lagarto, Santa María de Mourente)



- Peche de pedra tradicional E4 (Pedra do Lagarto, Santa María de Mourente)
- Muro de canteiría tradicional E5 (Pedra do Lagarto, Santa María de Mourente)



- Peche tradicional E6 (Pedra do Lagarto, Santa María de Mourente)

- Vila Victoria (Ría de Abaixo, San Miguel de Marcón)



- Muro de canteiría tradicional E8 (Ría de Abaixo, San Miguel de Marcón)
- Peche tradicional E9 (Moldes, Santa María de Mourente)
- Muro de canteiría tradicional E10 (Moldes, Santa María de Mourente)
- Vivenda E11 (Moldes, Santa María de Mourente)




- Vivenda E12 (Moldes, Santa María de Mourente)


### 5- CARACTERÍSTICAS DO PROXECTO DE OBRA.

O proxecto proposto, avaliado e informado, consiste na construción dunha vía de 970 metros de lonxitude que conectará as seguintes estradas: PO-542, EP-0003 e PO-532 coa intención de xerar unha rolda que mellore a mobilidade da zona leste da cidade de Pontevedra.

Para elo, a vía contará con dous carrís de circulación de 3,50 m de anchura, beiravías de 1,00 m de anchura e unha senda peonil paralela de 4,00 m de anchura. O enlace entre vías resolverase coa execución de dúas glorietas.

Todo elo, ao tratarse dun trazado de nova fábrica, o movemento de terras a realizar será de volumen considerable, xa que se realizarán desmontes, terrapléns e/ou escavacións diversas, etc.





## 6- TRABALLOS ARQUEOLÓXICOS PROPOSTOS

### 6.1.- Tipo de Intervención

Debido ó tipo de traballos que se pretenden levar a cabo e á resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, o tipo de intervención arqueolóxica que pretendemos levar a cabo é un CONTROL E SEGUIMENTO ARQUEOLÓXICO das obras, durante as fases de replanteo, execución e restitución do terreo.

### 6.2- Obxectivos e plan de traballo

O obxecto dos traballos que se pretenden realizar consiste en evitar calquera afección sobre xacementos arqueolóxicos non detectados durante os traballos de prospección previos ou que polas súas características sexan imperceptibles á vista.

Ademais, balizaranse adecuadamente os elementos do patrimonio cultural xa documentados e informárase, cumpridamente, ós responsables da obra da situación exacta dos citados bens a través da cartografía de detalle da obra.

O traballos artellarase en dúas fases diferenciadas:

1. Control e seguimento da fase de replanteo e desbroce da traza.
2. Control e seguimento das fases de execución e restitución dos terreos, así como da desmontaxe dos muros afectados.

No caso de documentarse niveis ou restos que indiquen a existencia de novos xacementos arqueolóxicos, procederase á paralización dos traballos e á comunicación, inmediata, ó Servicio de Arqueoloxía desta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordeación Universitaria, co fin de que esta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decida sobre a conveniencia de establecer as medidas correctoras e protectoras que se consideren máis adecuadas .

No caso de recuperar materiais, estes serán lavados, siglados e inventariados, co fin de seren depositados no Museo, que a Administración designe, proponendo coma sigla a empregar,

**RLP-17/¿?:**

- Obra e ano da intervención. RLP/17 (Rolda Leste Pontevedra /2017).
- Número de rexistro: Nx/xx (do 01 ao número total de pezas).

Así mesmo, estes materiais serán ubicados no punto onde fosen atopados no correspondente mapa xeográfico (de escala 1:10.000 ou 1:5.000) da zona.

O tempo de execución estimado para desenrolar os traballos de control e seguimento é de **65 días laborais para o traballo de campo e 20 días laborais para gabinete,** solicitando por tanto autorización para un total de 85 días.

O equipo de traballo estará conformado polo arqueólogo director designado ou contratado pola Deputación de Pontevedra para a execución do traballo

Finalizado o traballo de campo, e no prazo de 10 días, notificaranse os resultados da intervención arqueolóxica á administración competente, mediante un Informe Valorativo, co fin de que ésta determine as medidas a tomar sobre os mesmos. Así mesmo, remitirase unha Memoria Técnica da citada intervención no prazo de 6 meses.

## 7 - MARCO LEGAL

A intervención arqueolóxica que se proxecta neste texto, aterase ó disposto:

- P.X.O.M. de Pontevedra (18-XII-1989)
- Real Decreto-Ley 9/2000, de 6 de outubro (BOE do 7 de outubro do 2000), de modificación do Real Decreto Lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de Avaliación do Impacto Ambiental
- Decreto 44 mbro, de Avaliación do Impacto Ambiental para Galicia (DOGA do 25 de setembro de 1990).2/1990 do 13 de setpre
- Lei 1/1995, de Protección Ambiental de Galicia.
- Lei 5/2016, de 04 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo (DOGA do 6 de agosto de 1997), regulador da actividade arqueolóxica de Galicia

**8 - ORZAMENTO**

HONORARIOS ARQUEÓLOGO DIRECTOR (1 x 85 xornadas laborais, 65 de campo e 20 de gabinete)	7.503,03 euros
TOPOGRAFÍA	2.500,00 euros
MATERIAL DE REPRODUCCIÓN, PLANOS	400,00 euros
INFORME AVALIATIVO E MEMORIA TÉCNICA	2.900,00 euros
<b>TOTAL PEM.....</b>	<b>13.303,03 euros</b>

**9. ANEXO GRÁFICO E DOCUMENTAL**

- 9.1.1. Copia da Declaración de Impacto Ambiental formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
- 9.1.2. Plano topográfico, estado actual.
- 9.1.3. Plano topográfico, planta xeral
- 9.1.4. Plano topográfico, ubicación elementos culturais